

MÁIS ALÁ DAS RAÍCES

Así que alí estaba el. Nunca o tería imaxinado así. Non moi alto, o pelo fino e escaso pegado á cabeza de xeito que se podían notar aínda os sucos debuxados polo pente, o traxe cruzado... “á antiga usanza”, como diría a miña avoa. Ela, miña pobre, tamén antiga dabondo. A dicir verdade, eu non coñecía de nada aquel home, nen de nome sequer. Nen a miña avoa me quixo comentar nada, iso que debían ser do mesmo tempo. Claro que a pobre xa daquela empezaba a perder a noción.

Subiu de vagar a un pequeno estrado coberto de moqueta vermella, que nunca tiña visto anteriormente no Círculo Recreativo, un local frecuentado sobre todo por vellos sen nada que facer a non ser darlle á xogueta e laricar do humano e do divino. Mais nesa ocasión suspenderán as partidas e afastaran as mesas, de xeito que algúns deles marcharon e ficamos non moitos: emigrantes xubilados que aínda presumían de acento, un par de vellotes con sona de socialistas, algunhas señoras, entre elas dúas irmás que se daban de cultas porque seica eran fillas de mestre e que non se falaban con outras mulleres da súa

idade, vai ti saber por que. Tamén había algunha xente de fóra e máis eu.

Na tarima alguén dispuxera unha mesa con dúas cadeiras e, riba da mesa, unha copa fina e máis auga nunha xerra. O home ocupou a cadeira central e ante a máis ladeada tomou posición un vello emigrante retornado, ben coñecido no pobo, Antonio do Souto, que construíra unha casa grandísima nas leiras de xunto aos Campós e meteu alí toda a familia, fillos e netos, que non sei como aturan todos xuntos. Con maneiras nunca vistas, como se de pronto todos eles fosen uns “caballeros de sociedad”, que diría a miña avoa, Antonio do Souto pediu silencio abanando as mans de arriba abaixo, con evidente arruallo de ficar alí no estrado de pé a controlar a situación. Eu tardei tempo en concentrarme no que alí pasaba ante todo, creo, polo inusitado daqueles vellos, que estaba farta de ver xogar ao dominó ou gritando nos partidos diante da televisión, tan atentos e educados despois de ter saudado con moita aperta e pancada amigábel a aquel home que Antonio do Souto presentou como Xosé Barreiro, “un loitador como poucos, intelectual sen chata, escritor e xornalista comprometido”. Logo calou sen dicir moito máis. Engadiu algunhas lembranzas da infancia, os nomes do entorno, os

Campós, o Regacho, a Corveira, o Castro..., que eu agora tamén pronuncio con certo engado, pero que entón me pareceron prosaicos e odiosos.

Os aplausos, ocos pero efusivos, espoldrexaban aínda cando o escritor, cerimonioso e un algo teatral ("á antiga usanza"), se levantou da cadeira para falar, o que inmediatamente sumiu o público nunha expectación, pensei eu, un tanto esaxerada. Comezou a falar amodo, como se as palabras lle fosen vindo do pasado, como se tivesen de ser esperadas.

"Sería tan pretencioso como vacuo apresentarme ante vós, vellos amigos, como un retornado triunfador. Algúns de vós sédelo e con merecemento. Pero eu non o son nen nunca pretendín selo. E non o son porque tampouco se pode medir o triunfo daquel que nada ambiciona. Aquí me tendes hoxe, tan pobre como marchei, tan só como o estaba entón. As cousas que me aconteceron ao longo de todos estes anos teñen unha importancia moi pequena, moi relativa, acaso para min mesmo, pero só como xustificación inútil do que xa non ten remedio."

Estou a lembrar todo aquilo, a miña sorpresa ou inesperada inquietude, e creo comprender agora aspectos que entón se me escapaban. Eu, entrampada entre os meus catro rúeiros de todos

os días, tiña as miñas razóns para encontrarme alí. Unha delas non era precisamente a curiosidade por un vello descoñecido que, ao parecer, se criara entre os mesmos carballos, entre os mesmos camiños que non levan a nengures. Ben ao contrario, eu estaba alí por ver como alguén fora capaz de saír deles. América, toda a América fora sempre no pobo un lugar máis alá dos camiños, un lugar irreal pero certo, na confusa certeza da televisión e das cartas, de onde chegaban cada verán algúns estrafalarios visitantes risoños, vestidos de maneira impecábel, con teas da textura dos soños, de cores un tanto estúpidas, é verdade, pero todos eles inegabelmente superiores, confiados no lixeiro ademán de extraír a billeteira do bolso. Estou a falar da miña infancia, uns dez ou quince anos antes, antes tamén de que esa superioridade se tivese abaixado, á súa vez, ante a nosa propia e superior estupidez.

O home que falaba, sen embargo, parecía á marxe destas cadencias do tempo, como acontece coas especias ou as orquídeas desecadas. Xosé Barreiro empezou a interesarme como nunca sospeitara das palabras húmidas que pudesen xurrar os beizos resequidos dun vello.

“Estou aquí hoxe, convidado por vós, principalmente para lembrar. Pero, apesar de ir xa vello e de que o meu futuro sexa máis a lembranza que a ilusión, non quería deixarme engaiolar demasiado por emocións pasadas, nen tampouco polos momentos amargos que, tanto a min como a outros, nos tocou vivir. Se queredes saber cal foi o meu camiño, abonde dicer que foi como o de tantos e tantos que se foron, por uns motivos ou por outros. Case non sabería determinar con exactitude o que me levou a min a marchar. Quizá fosen moitas circunstancias. Quizá só a casualidade.

A casualidade. A estas alturas da vida creo que estou en condicións de concederle o valor que merece. Casualidade parece todo aquilo que acontece sen que, aparentemente, teñamos control, todo o que nos ven dado por un sen fin de confluencias fortuitas. Apenas podemos facer outra cousa que aledarnos se estas confluencias son felices e resignarnos se non o son. Por iso moitas veces as cousas máis nimias son as que deciden os máis importantes pasos da vida. Contareivos, pois, nimiedades.

Comezaba o verán do ano trinta e seis, un comezo de verán parecido a este que estamos tendo. Pasaran xa as tormentas de

San Pedro e comezaba a estabilizarse o calor. O clima, este clima tan levadeiro, non o volvíñ a encontrar en nengures. Pero volvamos ao pasado. Acababa eu de rematar o curso na universidade e dispúñame a desfrutar dunhas vacacións aquí, nesta terra tan unida aos mellores momentos da miña infancia e que hoxe visito por primeira vez en cincuenta anos. Cincuenta anos, unha cifra significativa. Algunha xente, xa daquela, considerábame pouco menos que un foráneo. Efectivamente, eu era dos que ían e viñan, pero, quizá por iso, por poder comparar, eu sentíame máis de aquí que de nengures. Non sei como explicar o caso dos que, coma min, adprendemos cedo esa especie de arte que é vivir no misterio da desubicación.

Era A Cidade por aquel entón un núcleo moi reducido e fechado de familias que frecuentaban os mesmos lugares, as mesmas igrexas, o Casino, o Náutico, un par de rúas de paseo, os xardíns de Méndez Núñez... Os meus pais, que xa foran á Arxentina e voltaran cuns aforros, abondos para poñer un negocio e construír un par de edificios, deixaron a aldea e estabelecéronse alí. Eles traballaban arreu nos seus plans, algo para min non moi determinado pero que mencionaban todos os días baixo a denominación de “mellorar”. Sei que dentro deses

plans estaba a miña carreira de Dereito e o explícito desexo da miña nai de que lograra algún día entrar no pequeno círculo de señores que levaban as súas fillas do brazo polo xardín, ensaiando xa desde moi novas o paseo que finalmente as levaría ante o altar da colexiata.

Non se me pasaba desapercibida a preocupación dos meus pais, pero, aínda así, eu gustaba de escapar, sempre que podía, para aquí, para a aldea. Eu non só non ocultaba, senón que, como de broma, soía fachendear da orixe campesiña dos meus e, sempre que podía, non deixaba de mencionar con arruallo este meu lugar de procedencia. Era, tamén, a miña forma de rirme dos señoróns da Cidade e, por que non, magoar un pouco, na natural rebeldía dos mozos, o afanoso vivir dos meus pais.

Na aldea, nembargantes, mirábaseme con desconfianza. Si, amigos, vellos amigos, compañeiros de xogos primeiro e máis adiante de troulas. E non volo reclamo agora. Eu viña aquí, á casa dos avós, case sempre de vacacións e porque aquí estaba o meu refuxio e o meu paraíso. Os avós tratábanme ben, mais non por iso deixaba eu de axudar, cando compria, a recoller as patacas ou botar as nabizas. Así e todo, non había para min outra cousa que rir, cantar, xogar, troulear. E só paraba de rir os últimos días,

cando viña o tempo de irme outra volta á escola ou á uníversidade, mentres vos, lémbroo, e outros máis que hoxe xa non están connosco, axexabades con envexa como eu empacaba as cousas para continuar a vida máis alá dos montes, onde se supuña que todo era prosperidade, finura e bon viver. E ser, sería...”

Levou unha man á cabeza para asegurar o xa demasiado seguro penteado. Quizá fose un xesto reflexo. Acaso, en contraste coa rememoración, un ponto de vergoña estivese a aflorar na conciencia da súa decrepitude actual e eu mesma sentín, con unha pancada de sufoco, os estreitos límites de toda vida humana. Estas cousas distraíanme. Pendente como estaba dun senfín de ideas que me bisbillotaban na cabeza, perdín un pouco o fío escoltando como de lonxe a narración que facía o vello sobre a súa vida de estudante, en Santiago, algo referente a un Estatuto de Autonomía que polo visto estiveran facendo. Pero iso non era máis recente? Pois aquilo perdeuse na guerra e eu, de lonxe, ía atando cabos de cousas que non entendía moi ben. Palabras que significaban palabras e estas novas palabras significaban outras máis. Onde estaba a realidade de todo iso?

Lonxe. Tan lonxe como os anos que me podían separar a min daquel home: cincuenta significativos anos.

Ouviuse un rebumbio de motos. Ben sabía eu o que pasaba fóra. Despois de todo esa era a razón principal de que eu estivese alí, naquel momento, no Círculo Recreativo, asistindo incrivelmente á conferencia dun vello. Todos os sábados pola tarde, como se fosemos a misa e xa sen ter sequer que acordalo, a xente moza da aldea, xerazón tras xerazón, acudíamos entre as oito e as nove ás escadas do Círculo para argallar o que, por outro lado, xa estaba decidido de antemán: en que bar comezar o mesmo viacrucis de sempre. Xerazón tras xerazón, porque isto tamén o contaba a miña irmá Loli, sete anos máis vella, naquela altura xa casada e con unha nena que lle despertou un humor coma os cans case a cotío. Ou foi o marido, unha vez que casaron, non che sei. Do tempo da miña irmá, só dous tiñan moto. Un deles, o Toni, o meu cuñado. Pensei nel, no gordo que se puxo e no ben que facía en pasar todo o día fóra da casa, que a miña irmá non había dios que a aturase.

Intentei prestarlles máis atención ás palabras do vello, pero as motos, seis contando que estivese Rubén, roufexaban endemoñadamente e, de cando en vez, escoltábase o

inconfundíbel grito do Óscar demostrando así que, por moita moto que tivese para amedoñar os rapaces ás viravoltas na praza, alí non mandaba nada. Quen realmente dicía o que había que facer era o Eusebio. Un sentimento perverso invadiume ao supoñer que Eusebio, Sebi, andaría perguntando por min á Susana e á Laura. Mentres eu alí, tan perto e tan lonxe, escondida deles no meio de todos aqueles vellos, tan estraña para uns, para outros e até para min mesma.

O conferenciante foi pousando o ritmo das palabras. Realmente, por baixo do ruído, para min até entrañábel, das motos, non se lle estaba entendendo nada. As dúas fillas do mestre, as Maruxas, como lles chamábamos todos, remexéronse molestas nos asentos e intercambiaron acenos moi estudados entre elas, como se estivesen sincronizadas. Outro dos vellos, o señor Venancio, levantouse e foi á xanela, un pouco para diante do meu lugar. O conferenciante calou. Todos, incluído el, miramos con atención como o señor Venancio abría a xanela e increpaba aos rapaces. Unha bafarada de ar moveu as esquinas dos carteis amarelecidos que penduraban das paredes.

—A ver se calades, que hai unha conferencia.

Desde fóra seguían chegando gritos e roucecos de motos. Recoñecín a Vanesa que, a gritos tamén, mandaba calar os outros. Mesmo de pronto pareceume a súa voz completamente ridícula. O señor Venancio insistiu.

—Ide para outro lado, que aquí hai unha conferencia.

—O que?

As gargalladas forzadas dos rapaces servíanlles para facerse de rogar. O señor Venancio tivo que repetir unha vez máis aínda e agardar un anaco a que todas as motos se puxesen en marcha e saísen liscando.

Apesar da contrariedade, no repentino silencio brillou, encantador e impecábel, o sorriso do ancián.

“Nós tamén fomos como eles. Rir e máis rir, e pensar que xamais chegaríamos a ser como aqueles vellos dos que nos riamos. Así lembro eu o verán aquel en particular, no que tamén tiña eu a miña ilusión especial.

Cando cheguei, como todos os anos, a familia e os amigos recibéstesme igual que sempre. Como tamén os piñeiros, quietiños nos seus lugares, os falares das mulleres e os gritos dos nenos, o silencio da sesta despois das comidas. Todo igual

que sempre. Pero eu viña co corazón un pouco máis ensanchado. Estes campos, que ao voltar da Cidade sempre me parecerán inmensos, fixéronseme un pouco máis cotidianos, as casas, como máis pequenas e inocentes, o falar retranqueiro tamén máis inofensivo. Viña eu estreando o meu primeiro libro, un libriño de poemas que, agora seino, non valía máis que como testemuña das miñas ilusións. Comenteino con algúns de vós, non sei, xa non me acordo. Ninguén lle deu demasiada importancia. E era natural: ao final iso era cousa de estudantes, de xente letrada. Sen embargo eu devecía por celébralo aquí, cos meus amigos e a miña xente. Porque ademáis pensaba, e aínda penso, que tiña unha débeda convosco. De non ser por seguir entre vós, non me tería dedicado, como estudante, a pelexar pola terra de noso, a escribir na lingua con que nos entendimos de sempre, da que era mellor desprenderse para pasar con sosego na Cidade, da que renegaban meus pais e da que a min me terían feito fuxir os que se mofaban de min e me chamaban por iso aldeán e paifoco. Porque foi pola vosa amizade polo que puider eu suportar e defender sen vergoña, é máis, con orgullo, isto que somos e como nos criamos, sen medo a ficar só ou, o que era peor, abafado co desprezo das xentes. De xeito que aquela miña

primeira aventura literaria non podía celébrala máis do que aquí, entre nós.

Fixemos, lembrades?, unha pequena festa, de acordo coas nosas posibilidades. Souberon o verdadeiro motivo tan só uns cantos: o Fidelio, os irmáns Casal..., ti, Venancio. Non foi difícil convencer a miña avoa de que me deixase dispor da casa e máis da horta. Mesmo ela traballou na cociña, que lembro que nos fixera filloas así, tan fóra de época. E é que vos era unha muller moi enteira, que se rebelaba contra todo o costume se ela non lle vía razón, que até por iso mesmo a criticaban..., e porque non pisaba a igrexa máis alá do necesario, certo era.

Da Cidade trouxen eu caixas de tabaco e máis, para as señoras principalmente, unha bebida de moda que hoxe parece moi simple, mais que daquela gorentábamos con moito aquel, como faríamos con calquer luxo de hoxe: botellas de gasosa. Non, se no fondo, as cousas só son diferentes por fóra."

Cando dixo o da gasosa, un risiño como de ratos xurdiu da parte das Maruxas e outras vellas que estaban acarón. Non sei por que pensei na Laura e na Vanesa cando fosen como elas. E tampouco sei por que me descontei a min do retrato. Todo isto tróuxome á mente a primeira vez que probei a coca-cola. "Bebida

de marcianos", pensei e por iso mesmo non deixei de tómalas até lle coller o gosto, que non ía ser eu menos, aínda que non parece, polo momento, que despois da coca-cola vaia vir nada, a non ser o que se lle poda botar dentro para facer coetes e armala ben armada até as tantas os sábados.

Evidentemente os vellos non sabían nada desas cousas, por iso non me estrañaba que algúns falasen como falaban de nós. Agora que, se é por eles, coa gasosa tampouco chegaron a onde chegaron, ou é que non os vía eu andar a diario, e as Maruxas incluídas, de tazas por toda canta tasca se lles puña ao paso? Cambiar non cambiarían as cousas tanto, claro que non. Mesmo me estaba a figurar o Xosé Barreiro ese de novo, os pelexos máis no seu sitio, o pelo xa seguramente como o traía, ben penteado, como o debeu de traer durante anos e anos. Tamén eu quería que algo da miña xuventude permanecese en min ao longo do tempo. Algo físico ademáis do carácter, non sabería dicir. Quizá a axilidade ou a delgadez. Para iso debía evitar a toda costa ser nai ou terminar comendo desesperadamente como facía a miña irmá Loli, que sempre estaba moendo, a calquer hora, mentres cociñaba, mentres vía a televisión ou mentres lle abría a boca á nena coa culler para que comese e ela aproveitaba para probar,

como por dar exemplo. Así se estaba poñendo, gorda e abúlica, as pernas inchadas e mal calzadas nas zapatillas, como se pensase morrer ao día seguinte e xa nada pagase demasiado a pena. Pola miña parte, apesar do meu firme propósito de ficar solteira, non puđen verme rillando rexoubas como as Maruxas, coa Laura ou a Vanesa algún día.

Perdín o fío por momentos, mentres o escritor contaba algo sobre o tabaco, que el xa o traía liado como os paquetes de agora e que conseguirá de balde por unha tía súa que traballaba de cigarreira na Cidade. A tal tía creo que a cheguei a coñecer eu. Era unha que viña visitar de tarde en tarde os parentes, moi vella xa, pero rufa e aflamencada. Para o vella que era, eu lémbroa vestida de cor rechamante, como unha boneca de feira, o pelo retinxido de negro e, algo que nos chamaba moito a atención de nenos, con un rizo pegado na fronte, que non sei como se lle aguantaba. Pero non había quen se lle rise diante, con aquel garbo no andar renqueante, a voz rouca e fumando seguido. Por ela quedara entre as xentes o dito de "fumas máis que a Rosario da Cruña" ou "vaiche quedar a voz da Rosario, coa fala ben fina". Isto último dicíano polo da ronqueira e máis porque seica non era das que chagaban a lingua por morder palabróns. E era a min a

quen máis mo dicía a avoa, con ser meu irmán o pequeno ben peor falado do que era eu.

O asunto da festa do vello acordoume as historias que contaban na casa os días santos á comida, cando a miña nai traía os postres e a familia, moita ou pouca, cada vez menos, empezaba a bulir. Que se xa non eran festas como as de antes, que se agora cada quen andaba ao seu, que se nas festas de antes a comida daba coa cea sen levantárense da mesa. Todo eran queixas. Pero sen os gritos enrabeçados de cando a nai se empeñaba históricamente en prohibir que os rapaces nos movésemos. Máis ben ensumía a voz que lle ficaba oca como de disimular a pena e, cando un de nós daba o toque de irse, o certo é que nos levantábamos a unha, deixando alí que falasen os homes por un lado e as mulleres por outro, até que empezaba o partido ou os tíos tiñan que volver á Cidade. A avoa miraba así por riba e marchaba á cociña, non se sabía ben a que. Unha vez collina eu de costas. Sentou no tallo de pelar as patacas. "Lembro que pelábamos un saco de patacas novas", dixome sen volverse, "tantos que éramos. E agora, mira pr'aí, todas as que sobraron. Onde vai a xente toda, nena?" Comprendín que empezaba a chocheiar, e iso si que era triste.

O escritor Xosé Barreiro detívose, o que, curiosamente, me fixo volver a atender. Sacou do peto un paño grande e branco que levou aos beizos para aliviar unha carraspeira. Despois bebeu unha gorispa de auga. Pareceume que un asomo de emoción lle rebordaba o seu ton xeral de escepticismo canso.

“Así é. Pasámolo en grande, non é? Á solicitude miña, as irmás Pereira, Maruxa e Esther, aquí presentes, puxeran a música, unha magnífica gramola que transportamos desde a súa casa con permiso do pai, don Nicolás, a quen non querería privarme hoxe de tributar unha merecida homenaxe, como home de libre pensamento e mestre da luz e da verdade para todos. Desgraciadamente mal sabía el que pouco máis ía poder desfrutar da vida en compañía das súas encantadoras fillas...”

Como unha flor que se abraza, as Maruxas convertéronse de pronto en dúas persoas diferenciadas e, das dúas a máis nova, Esther, atinxiu unha inusitada transfiguración. Reparei na seriedade esplendente do rosto, aínda non demasiado murcho. A lembranza do pai tivo ese efecto. Nunca cheguei a saber moito del. A súa mera mención provocaba nas conversas da xente un silencio reticente, como se o habitual temor relixioso por un morto levase engadido o receo por quen foi execrado. Mais, para

a miña sorpresa, o conferenciante tivo o don de exconxurar, aínda que fose un instante, esa lousa de medo que eu asociaba ao nome do mestre, o pai das solteiras máis criticadas do pobo. Mesmo, por unha vez, as cabezas bochechudas e calvas dos homes acenaron afirmativamente, coa vista baixa entre a vergoña e o respeito.

“Algo parecido, salvas as distancias que van da morte á vida, aconteceume a min. Non sabía eu que aquel ía ser o último día que pasase entre vós. Eu tería vivido aquí, na terra querida, o resto da miña vida, abofé. Pero desde aquel día todo me empuxou lonxe e deixoume fóra sen posibilidade de regreso. E é que naquela ocasión, animado polo ambiente de festa, máis que a miña estrea como escritor quería poder celebrar algo moito máis íntimo pero, para un corazón xuvenil como o meu, moito máis grande, algo que sómente quererla ter compartido coa persoa a quen nen sequer me atrevía a mirar aos ollos...”

Un instante de silencio fíxonos a todos os alí presentes conter a respiración, como se unha labarada incandescente nos tivese arrolado. Os vellos, Venancio e os outros, pareceron miúdos e asustados. Sómente Esther e Maruxa se tensaron, dignas, nos

seus asentos. Esther botouse un pouco para adiante, apenando os beizos, sen saber disimular o roibén abafante nas fazulas.

“...e que nunca saíu do meu corazón.”

Outra pausa para aclarar a voz con un grolo de auga e retomou a serenidade inicial recuperando un sorriso de difícil interpretación.

“Son un exilado. Mais hoxe teño que confesar que, en sentido estrito, non o son pola guerra e a posterior represión. Só iso ahondaría para ter morto, é certo. Eu, con algúns republicanos máis, logrei salvante. Coñecín outros perseguidos que tamén lograron apañar un barco, emigrar eos emigrantes, traballar en calquer lugar eos obreiros de moitos países: chegar a América. Nestas circunstancias o habitual é aprender a sobrevivir noutra especie de morte, ou de espera pola morte real, que máis dá, consecuencia de termos sido expulsados. Pero o meu caso foi especial. Hoxe podo e quero confesalo abertamente. Eu fun expulsado antes de que o fixese o réxime, os matóns, o medo. Fun expulsado por unha simple palabra pronunciada polos beizos que tanto soñara beixar: a palabra non.”

Será que eu non me enteiraba moi ben do que estaba pasando, pero algo indeterminado no ambiente parecía a punto de estourar. Cando me dei conta vin como Esther se levantaba correndo, as fazulas xa suarentas ou chorosas, non sei, e esvaraba apuradamente, coa anticuada gabardina cruzada no voluminoso peito, cara á porta do local. Incrivelmente o portazo fixo recobrar a calma a todos nos e tamén a Xosé Barreiro, cuxo rostro endurecido volveu a sorrir leve, pero reconfortantemente.

“Ese non, sen embargo, salvoume a vida. Se ben confinoume igualmente ao exilio: de ser un morto entre os mortos permeteume ser un morto entre os vivos.”

Ao ficar soia, Maruxa fixo un movemento que me pareceu que ía ser o de seguir a irmá. Pero non. Reacomodouse na cadeira, ancheando a postura, gorda como era ela, cara ao lado onde faltaba Esther.

“Todo ser humano é refén da súa xuventude ou dalgún momento crucial no que todo pasa a ser inevitábel. Dos días seguintes a aquel último meu nestas paraxes, pouco lembro. Eu estaba confuso, co meu libro de poemas no peto, sen intereses nen intencións. Na Cidade comezaban as festas do verán. Demasiada alegría para a miña tristeza. Os rostos e as risadas

das xentes nos bairros, os finos panos de cores das mulleres elegantes producíanme desacougo: a República lograra igualar o trato legal, pero cada zona, cada clase social tiraba da corda en sentido contrario aos demais. Unha vez, diante dos meus ollos, un guarda coñecido de sobras pola prepotencia que gastaba entre as tratantas da praza, amigo dos falanxistas, cebouse a zurradas nun rapaz que pretendía revender cigarros. Xuntáronse arredor máis de cen persoas, mozos e vellos, asubiando e berrando contra o falanxista até que o soltou. Pero de alí a pouco tempo, a situación deu a volta e os mesmos que berraban apuráronse a apoiar aos fascistas. Para entón eu xa ía camiño de América.”

Eu non era quen de imaxinar todo aquilo. A miña avoa nunca quixera falar: volvía a vista cara a unha zona indeterminada da parede cada vez que alguén mencionaba o pasado. O home este, en cambio, falaba con toda franqueza, sen medo, sen ese temor tan intenso que embaciaba os ollos da miña avoa, capaz de reter no silencio toda a vida vivida, deixando apenas uns restos para continuar existindo. O meu avó din que estivo escondido no pozo e que padeceu dos pulmóns até a morte de tanto frío como

pasou alí dentro. Eu non o coñecín. Non se falaba del moito tampouco.

Fixérase de noite. Un lampián laranxa da farola da praza chegaba através da xanela. Pergunteime que estarían facendo os rapaces, pero non me importou nada sábelo. Xosé Barreiro seguía falando do exilio, da recepción aos emigrantes que en realidade eran finados e contaban dos centos de afusilados que caían noite si, noite tamén. Había que axudar aquelas xentes, a maior parte homes maduros ou mozos en idade de quintas.

E era verdade que a min sempre me chamara a atención a cantidade de mulleres que ficaran soias, como Mercedes a da tenda, que seica o marido estaba en Cuba e nunca volvía. As fillas foron medrando, a pequena da miña idade, e o pai era só un retrato na parede, do que ríamos moito todas por aquel mostacho penteado para os lados, que xa non se vía polo mundo. Cando Mercedes reñía as fillas, sinalaba o retrato e só a mención dunha carta a Cuba relatando calquer falcatrúa facía entoldar a diversión e tanto a pequena como a maior miraban para min con ollos de angustia. O pai chegou finalmente, hai oito ou dez anos, e a Mercedes deixouse ver con el do ganchete. Mais ao cabo duns

meses levárono para o hospital e todo volveu á normalidade, só que o mandil de Mercedes agora era negro.

Xosé Barreiro dicía que el, pasados os anos, podería ter volto, mais nunca encontrara motivos. Comprendino perfectamente porque eu xa estaba afeita a que toda esa saudade dos retornados se esvaíse en só dous días de visitar parentes e comprobar que no sitio que eles antes ocupaban, todos deixaran medrar as silvas. O único lugar reservado aos que están fora é a lembranza.

“Tampouco tiña eu nada que traer. Fíxenme aló xornalista. Os meus pais morreron sen ter lido nada do que escribín. O meu idioma, galego ou inglés, éralles igualmente incomprensíbel. Pero non veño aquí acusar, sería inxusto, a esta terra á que tanto debo. Non veño tampouco pedir a devolución de nada, nen do tempo nen da vida. Veño tan só encontrarme, vello como estou, convosco e tamén comigo, para recobrar a paz que aquí mesmo perdín. Gracias a todos por escoltarme e por gardar aínda, despois de tantos anos, algunha memoria deste que foi e segue a ser un de vós. Moitas gracias.”

Entre os aplausos vivos do escaso público case se podía depenicar a identidade de cada persoa. Supoño eu que a emoción

atinxiu diferentes matices en cada un de nós. Máis que tenrura, unha vaga onda de admiración invadiume por aquel vello que acababa de dismantelar as sombrías certezas que viñan sustentando a nosa mediocre vida aldeá. Procurando o seu sitio, colocounos tamén a nós no noso entre a amargura e o amor.

Cando cesaron as palmas, os vellos levantáronse con dificultade para estreitárenlle a man. Eu tamén me levantei envisa e preguizosa, pero impediume saír da fileira o paso ampuloso de Maruxa que avanzaba acomodando a chaqueta. Xosé Barreiro adiantouse a saudala. Ela, non podendo evítalo, deixouse apertar con notorio ademán de desagrado. Vin como o vello lle entregaba un pequeno libro que extraíu da chaqueta. Detrás del, un home novo e descoñecido, con pinta de profesor, avisouno para marchar. Con ademán hipócrita despediuse Maruxa e saíu como un raio diante deles cara á porta. Paseniñamente foron marchando os demais. Eu non me dei présa nengunha. Os rapaces estarían onde sempre e non me apetecía ir. Cando xa non ficaba ninguén máis que eu e o coxo do Zas, encarregado de abrir e fechar o local, descubrín sobre un velador, disimulado detrás dunha figura, o libro que acababa de ver como puxera o vello nas mans azoradas de Maruxa. Mentres

Zas non acababa de apagar as luces, collino e levanteille a capa de papel duro, picado de humidade:

MÁIS ALÁ DAS RAÍCES

(poemas)

E non me deu tempo a mirar máis, porque Zas, co seu paso torto, viña detrás de min e xa sabía eu o mal viño que tiña, así que houben de saír. Mais lembro a pequena nota escrita a man con letra ben clara: "Para Esther, a quen dedico o meu corazón". Xosé Barreiro. 1 de xullo de 1936.

Non sei que fixeron do libro, como nunca se sabe aquí de tantas outras cousas.

Luisa Villalta, *Máis alá das raíces*.